

MINISTERIO para la Transformación Digital y Función Pública

Comisión Paritaria do IV CUAGE

27/02/2024

Actas.

Apróbanse coas alegacións da CIG as actas das reunións da COPA 27/12/203 e 30/21/2024.

Encadramento.

Apróbanse expedientes pendentes de encadramentos.

Ofertas de Emprego.

Logo de estar esperando mais de dous meses para que nos aclararan si as ofertas pendentes de convocatorias se van a acumular, chegou a contestación, 'NON podemos dicir nada nesta reunión porque vamos a dar a información na Mesa AGE, e entendemos que seria faltar ao respecto a unha Mesa Negociadora de superior rango', e así nos quedamos, do mesmo xeito a CIG pregunta si van a unificar en un so ministerio a xestión do proceso selectivo das ofertas por grupos profesionais, e contestan que iso é no que están traballando nun Grupo constituído entre os responsables dos ministerios.

Cambio de Réxime Xurídico.

Para o G4 a data do exame será na primeira semana de abril por problemas de xestión se ven obrigados a retrasar esta data, confirman ante a pregunta da CIG que as localidades de exame mantéñense nas 5 sedes como esta previsto.

Concurso Aberto e Permanente.

Anexo I, estase xestionando sen incidencias polo que na primeira semana de marzo vermos no grupo de traballo as alegacións, para na segunda semana de este mes de marzo publicar as adxudicacións provisionais.

Anexo II, publicado o prazo para revisión dos méritos, hai 90 solicitudes para as 450 prazas ofertadas.

Noutros asuntos informásenos que se vai a constituír o tribunal para o proceso selectivo do grupo E0 discapacitados intelectuais, e que están pensando na posibilidade de ofertar estas prazas a concurso de traslados antes de sacalas a turno libre.